

MODIFICACIÓNS NO PLANO DE ORIENTACIÓ PARA O 3º TRIMESTRE DO CURSO 20019-20

Debido á suspensión da actividade lectiva presencial de todos os centros educativos o Departamento de Orientación modifica as súas pautas de actuación nos seus ámbitos de actuación:

1.- A orientación académico-profesional

Durante o 3º trimestre este ámbito ten unha gran presenza, sobre todo na etapa da Educación Secundaria e levarase a cabo fundamentalmente por vía telemática, desenvolvéndose diversas accións:

-Informarase aos alumnos e alumnas sobre as opcións académicas tanto nos distintos cursos da ESO e do Bacharelato así coma dos distintos Ciclos Formativos . a través de cadernos informativos colgados na aula virtual do centro.

-No caso de que os alumnos e alumnas de 4º da ESO se incorporen ao centro antes de rematar o curso faranse tamén charlas informativas presenciais.

-Informarase ao alumnado de 6º Ed. Primaria da nova etapa: ESO, mediante un caderno informativo colgado na aula virtual do centro.

2.- A acción titorial

Levarase a cabo de xeito individual (a través de mensaxería instantánea ou vía telefónica) ou de xeito colectivo (vía e-mail ou videoconferencia).

As actividades programadas para este trimestre en colaboración con axentes externos ao centro quedan suspendidas para este curso.

3.- A atención á diversidade

A atención aos alumnos e alumnas con necesidades educativas específicas seguirá levándose a cabo pero os métodos de intervención variarán en función do alumnado e as súas familias.

. A atención faise de xeito persoal, atendendo ás demandas e dificultades máis específicas de cada un dos alumnos.

A comunicación faise tanto co alumnado como con algunhas familias. As vías son variadas: usamos a aula virtual, correo electrónico, os chats ou videoconferencia, en función das características e dificultades que se van detectando.

As demandas ás que respondemos son tanto de acceso como curriculares, detectándose moitas dificultades co uso da aula virtual e como enviar as tarefas que demandan os profesores de cada materia, o que se está tentando mellorar un por un.

Tamén se adaptan materiais para segundo que alumnado.

Ofrecese tamén asesoramento ós docentes sobre materiais e adaptación de recursos que faciliten a atención á diversidade de xeito global.

Para desenvolver todas estas actuacións contamos con distintos recursos:

Recursos humanos

Tanto o equipo de profesores coma o equipo directivo son os principais recursos humanos internos aos que recorre o Departamento pois son o seu pilar fundamental.

A nivel externo destacan as familias pola gran influencia que ten ante os educandos así coma o apoio dos Servizos Municipais e a dos equipos de orientación específicos (EOE)

Recursos materiais

Neste 3º trimestre as actuacións educativas lévanse a cabo por vía telemática polo que tanto os alumnos e alumnas como o profesorado estamos a utilizar o ordenador ou a tableta e tamén o teléfono móbil.

Recursos organizativos

A organización baséase na comunicación a través de ferramentas de mensaxería instantánea, correos electrónicos e reunións periódicas a través da aplicación facilitada pola consellería (Webex), o que permite levar a cabo un traballo conxunto de todos os profesionais así como as reunións dos órganos colexiados (claustro e CCP) e faise posible a coordinación docente .

No mes de Xuño desenvolveranse varias accións encamiñadas a dita coordinación docente a nivel de etapas educativas polo que se levarán a cabo distintas reunións:

- Manter unha reunión de coordinación entre o profesorado de Ed. Infantil dos alumnos e alumnas adscritos ao noso centro e o profesorado de 1º curso de Ed.Primaria

- Levar a cabo unha reunión de coordinación coas titoras de 6º de Ed. Primaria e o profesorado de 1º de ESO.

Todas estas actuacións están expostas a posibles cambios en función da evolución da situación tan excepcional que estamos vivindo e a que nos adaptamos día a día.

En Bergondo, a 11 de Maio de 2020

A xefa do Departamento de Orientación

Purificación Porta Lage

